

## O RETORNO É UNHA FLOR VERMELLA

Chega un momento na vida en que a infancia se volve pequena e albiscamos o comezo inmediato dun camiño antagónico ó edén primixenio. Esta singradura involuntaria que reflecte Marta Dacosta en *Pel de ameixa*<sup>1</sup> obríganos, en primeiro termo, a esquecer a nosa fragilidade orixinaria, obviar o feito de que a pel que nos envolve é endeble, e a orientar os pasos cara a saída do xardín inicial: o sur.

*O Sur non é a penas unha palabra oposta,  
a esencia do contrario, cálida, quente, ignota.  
O Sur é o noso ser traspasado de voces,  
de tons doces, distintos e ao tempo semellantes.  
Quizais sexa unha alfándega, triste, que nos arreda,  
difícil de esquecer aínda que sempre ignorada.  
O Sur somos nós mesmos, os avós, o pasado,  
a razón inexplicable de non ver cara ao norte.*

O abandono por parte da voz poética do territorio natal, país do lume creador, impélea cara o norte, territorio inhóspito que acentúa a súa dureza no avance gradual cara o frío letal da morte. Aflora, de seguido, a consciencia da propia fragilidade -non somos senón "*breves camiños na distancia dos días*"- e a ferida da indefensión perante esa realidade cruel que nos ultrapasa é un gume constante no camiño do desterro. A pel suave da ameixa non é quen de desenvolver unha eficaz función protectora e calquera golpe chega ata o corazón onde imprime a súa marca. A soidade na viaxe é un novo factor de desolación:

*E chegarán as luces a descubrir,  
de novo,  
que as rosas murcharon e xa  
non son posibles.  
Os cortizos calaron e o río  
parece non estar nin na memoria.*

---

<sup>1</sup> Ed. da Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1996. Premio Miguel González Garcés 1995.

*E coma se o mar se arredase  
e o vento morrese sen estrelas.  
A ferida de sal alimentada.*

O eu poético ve agora o avance cara o norte, cada vez máis esgrevio, como unha batalla a librar en varias fronte: contra el mesmo, contra o tempo, contra o entorno. A victoria só depende da súa capacidade para, dentro del, atopar as armas adecuadas. O instinto de supervivencia aliméntase de recordos do xardín primixenio - unha pinga de orballo, recendo de mar- que permiten, favorecendo a introspección, deseñar as estratexias bélicas -*"Cheguei cansa e cansa fun pensando/ con que armas vencer as loitas vellas"*. A sensación de vivir unha noite mesta e continuada séntese como unha derrota permanentemente:

*E así, do tempo en diante  
van hoxe  
os homes todos, vencidos e tristesiros,  
orfos. E na noite do día consomen as angurias  
para chegar á noite  
e fracasar de novo.*

Pero, tamén na noite, é posible acadar a clarividencia necesaria para entender que hai un lazo que nos une, un secreto sentimento de pertenza á grei que alimenta as nosas esperanzas. O eu poético séntese agora transmisor da historia gremial -*"Quero contar/ a historia certa da batalla perdida/ cando os soños dos homes se apagaron"*- e aporta unha arma poderosa á loita: a palabra poética. Desde entón xa non é un ser solitario e supera a dor da ferida co convencimento íntimo da victoria final:

*As guerras diarias dos que nunca calamos  
son lume que nos queima nos anos que vivimos,  
e por iso anseiamos o trunfo do silencio  
a paz dun sol calado exiliado na area.*

Como guía, a voz poética, enfróntase ó naufraxio voluntario de algúns e ó ensimismamento de outros engaiolados na beleza estéril duns solpores que só anticipan a noite final. Só traéndolles ó presente a memoria histórica dos que nos precederon na loita poderán, os derrotados, abandonar actitudes autodestructivas. Pero, antes, o eu poético debe triunfar na súa propia batalla: vencer a tentación de, tamén el, deixarse esmorecer na derrota

*Os homes somos voces  
silenciadas e escuras  
que a penas marmuramos das loitas que perdemos.  
Tal vez a covardía sexa a bandeira nosa, tal vez  
esta postura sexa o noso partido,  
tal vez sexamos só tristes e conformistas,  
coitados receptores de déspotas destinos.*

Á fin, triunfa a dor pola terra -"Dóeme a terra/ porque a levo dentro./ No oco dos osos teño terra negra/ e landras de carballo"- sobre a desazón individual e a poesía vén ser bálsamo milagroso sobre as feridas, camiño amable: "Neste tempo de anguria e de carraxe,/ nesta miseria xorda que nos leva,/ na inmensidade fría da tortura,/ o verso é o que nos arreda". Finalmente, o eu poético atopa un lugar onde os seus pasos non doen, un reino de silencio e paz no que reclimar a cabeza e soñar que, no xardín que nos foi arrebatado, acariciamos libremente as flores vermellas do retorno

*Atopei un camiño na raizame das dunas  
ou no lóstrego verde dese lagarto arnal,  
e leveino despacio nunha onda perenne,  
dacabalo do tempo, sobre as crinas do sal.*

TERESA SEARA

*A Nosa Terra*, 716, 7-3-1996, p. 26